

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCIÓN GENERAL. AYO A CORUÑA a las 14:15 del día 06/07/2023, Dir. Área de Economía, Facenda e Réxime Interior (MANUEL ANGEL JOVE LOSADA) a las 14:56 del día 10/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, José Manuel Lage Tuiñas (JOSE MANUEL LAGE TUNAS) a las 14:56 del día 11/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYO A CORUÑA a las 14:56 del día 11/07/2023. Mediante el código de verificación 646L1E4W2K01152418N7 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/13282/2023 el 11/07/2023



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/13282/2023 11/07/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 ACL	Documento 10817I07E6	
Código de verificación 	Expediente 108/2023/696	
646L 1E4W 2K01 1524 18N7	Data 06-07-2023	

Asunto: Autorización cobertura temporal posto técnico auxiliar Reprografía nº 2000

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O Xefe do Servizo de Atención Cidadá e Interior, con data 27/03/2023 e código de verificación 0H5U 601N 2N4E 6P0E 0C78, remite ao Servizo de Recursos Humanos unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de Técnico/a auxiliar de reprografía.

Dita cobertura temporal de posto solicítase porque considérase imprescindible a súa cobertura xa que, debido ao cese por xubilación da persoa encargada da reprografía, o posto non chegou a cubrirse, carecendo a unidade dende entón dunha persoa con funcións de responsabilidade.

Segundo.- Con data 5 de abril de 2023 o Servizo de Recursos Humanos publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo:

1. Técnico/a auxiliar de reprografía (referencia 2000).

No citado anuncio, indicase o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou na sede electrónica, acompaña dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Atención Cidadá e Interior	IT2310	Reprografía	Técnico/a auxiliar de reprografía	2000	C1/C2	18	AX/AE	FR06

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reserváraselles o posto de traballo, o que hai que relacionar

que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 2000, de Técnico/a auxiliar de reprografía, actualmente atópase vacante.

Segunda.- O Xefe de Servizo de Recursos Humanos, co conforme do Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, con data 24/05/2023 e código de verificación 041I 4I2N 1N4W 0U0P 0Z25, unha vez examinada a solicitudes recibida e o CV do candidato presentado, así como o informe da Xefatura do Servizo de Atención Cidadá e Interior, de data 03/05/2023 e código de verificación 15P71 5P71 3T41 622A 2S1H 0WPV, emite unha proposta de nomeamento de Don Isaac Torres Bada, en comisión de servizos, no posto de técnico auxiliar de reprografía (ref. posto 2000).

Terceira.- Cómpre indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicitación dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Por tanto, considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de Técnico/a auxiliar de reprografía (ref. posto 2000) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento no Servizo de Atención Cidadá e Interior, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o art. 30 do Decreto da Xunta de Galicia 151/2022, do 4 de agosto e demais normas concordantes, así como que o funcionario proposto reúne os requisitos establecidos na RPT en vigor, procede destinar a Don Isaac Torres Bada, en comisión de servizos, ao posto de traballo de técnico auxiliar de reprografía, referenciado co número 2000 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 30/09/2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse, respectando os límites máximos establecidos na normativa vixente, ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.



As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Atención Cidadá e Interior	IT2310	Reprografía	Técnico/a auxiliar de reprografía	2000	C1/C2	18	AX/AE	FR06

Quinta.- Actualmente, o funcionario proposto está ocupando o posto de traballo de auxiliar administrativo, con referencia nº 2080.

Sexta. O posto de orixe de Don Isaac Torres Bada, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Atención Cidadá e Interior	IT2500	Apoio Administrativo de Interior	Auxiliar administrativo/a	2080	C2	14	AX	FR04

Sétima.- Os custos que xere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 920 do orzamento prorrogado ao ano 2023, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local de 05/07/2023, en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1.- Destinar a Don Isaac Torres Bada (NIF ***6228**) en comisión de servizos, ao posto de técnico auxiliar de reprografía (nº ref. 2000).

As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Atención Cidadá e Interior	IT2310	Reprografía	Técnico/a auxiliar de reprografía	2000	C1/C2	18	AX/AE	FR06

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 30/09/2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse, respectando os límites máximos establecidos na normativa vixente, ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución ao interesado e á xefatura do Servizo de Atención Cidadá e Interior.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana
José Manuel Lage Tuñas